

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 29 DE MAIO DE 2024

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistencias:

ASISTENTES:

Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).
Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).
Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).
Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)
Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE).
Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto).

Non asiste:

Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)
José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Secretaria:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

ORDE DO DÍA:

1. - APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 14.05.2024.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola Presidencia preguntáse aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción da acta da sesión ordinaria do 14 de maio de 2024.

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (6): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), (PSdeG-PSOE). Jose Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE) e Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE)

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que quedan aprobado o borrador da acta da sesión ordinaria de 14 de maio de 2024.

CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN

2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA DE 124.2024 A 177.2024

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dase conta aos concelleiros das resolucións da alcaldía da nº 124/2024 a 177/2024.

3.-DAR CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE SOBRADO ELABORADO POLA SECRETARIA-INTERVENTORA.

Dase conta do Plan anual de control financeiro do Concello de Sobrado elaborado pola secretaria-interventora de data 24 de abril de 2024.

A Corporación dase por enterada.

4. DAR CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO 1º TRIMESTRE DE 2024

Dase conta do periodo medio de pago a provedores do 1º trimestre do 2024 que foi de 35,29 días .

O Pleno queda enterado.

5.- MOCIÓNS DE URXENCIA

O sr. alcalde , en virtude do establecido no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo municipal desexa someter á consideración do Pleno , por razón de urxencia, algún asunto non incluído na orde do día e que non teña cabida no turno de rogos e preguntas.

Non se plantexa ningunha moción

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 13:26 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE